

As fauces feroces

EMMA PEDREIRA



BAÍA EDICIÓN S

Prólogo

Quixera facer un prólogo sisudo e case xélido usando unha terceira persoa. Esa distancia que se supón necesaria para opinar cientificamente dunha obra, pero non podo, querida persoa lectora. Veño de ler unha novela que me interpela. Si, a min. Tamén a ti. Tamén a nós. A todas nós, ás que nos roubaron a historia de noso e nos fixeron crer que somos bruxas, tolas, herexes ou históricas por sentir. Así que prepárate para sentir. Moito.

Vexo as fauces feroces abertas e, por primeira vez, o medo non me arreda. Atráeme. Son consciente de que me vai papar e anxeio ese momento con devezos. Sen anestésias. E chega a primeira dentada xusto no comezo: “Mamá morrerá mañá” (páx. 11). Doe, si, claro. Acabamos de perder unha infancia en tres palabras. Sen adobíos que disfracen a dor. E ese “calquera tempo pasado foi mellor” esnaquiza en mil anacos. Non hai un *locus amoenus* da época infantil cando a consciencia e a conciencia revisitan o lugar onde recibimos as primeiras violencias, o espazo en que agroman as existencias, o tempo en que as exclusións xeran as diversidades. Acompañamos a protagonista nas aulas, no patio e nas ausencias.

Esas mesmas que determinan o seu presente e o seu futuro. O momento en que artellamos a nosa propia alteridade no reflexo dos referentes máis próximos. Ese intre no que anceiamos que a imaxe do espello sexa diferente a quen nos falta e, por iso, Ela afirma que “eu son outro tipo de escritora” (páx. 25) que ergue a voz e racha coas barreiras “por min e por todas as compañeiras” (páx. 25). E toca tomar decisións porque “quero vivir cara adiante, limpa e seminova” (páx. 55) e, para iso, “non podo deixar de sentar de maneira imaxinaria no meu cruzamento de camiños e torcer, desta vez, polo da dereita” (páx. 46).

E, aí, nas encrucilladas nace o querer sabernos como persoas que senten, como mulleres vivas que, quizais, anceian, desexan ou odian nas marxes. Habitar as periferias das maternidades, dos corpos e da linguaxe coma quen se recoñece como perigosa para un sistema que silencia as voces das compañeiras que nos precederon. E, esta segunda dentada, tamén doe. Magoan as cotas, a segregación por sexos, a crianza impostada e/ou o desexo reprimido. Seica as mulleres non debemos ter pulsións ou, se as temos, existe a obriga de oculatalas. E as fauces ferozes preparan unha terceira dentada que nos revira o norte: a do amor. O sentir que anoa a historia de todas e cada unha das mulleres sen importar o século no que viviron/viven/viviremos porque, ao final, o noso corpo continúa sendo un campo de batalla.

As queixadas relaxan, aos poucos, a presión e, entón, observámonos coas mesmas marcas de Benedetta na pel. Xa non somos vítimas, non. Enxergamos a Elsa/Ela/Ava/Benedetta/Bartolomea na manda e sabémonos materia de todas as mulleres que forman parte de nós. Un todo no que

Emma Pedreira nos foi prendendo desde o sensorial, desde unha narrativa coa que “podería cociñarte e escribir sobre ti instrucións de como facelo e desbotaría a poesía por non saber de cantidades, de cheiros nin de texturas” (páx. 63).

Convídote, querida persoa lectora, a seguir as instrucións coas que nos agasalla a autora, nesta novela, para xogar a interpretar palabras coa lingua corporal. Leamos, entón, xuntas estas páxinas crocantes e apetecibles que nos encamiñan á éxtase, que nos levan da man até o apoderamento. Compartamos os espazos que nos permitan impermeabilizarnos ante a dor e construír unha realidade na que o querer aceire o poder da palabra (escrita en papel ou no bafo, tanto ten!). Fagamos un mundo novo, xuntas, no que a forza desa palabra conteña a memoria de todas nós e que Emma Pedreira recolleu das mulleres que, antes, habitaban os silencios todos. É tempo, agora, de abrir as páxinas e escoitar as súas voces.

Eli Ríos

Mamá morrerá mañá. Se cadra pasado mañá, non o sei, non quero determe a pensalo. O que si sei é que recibirei unha chamada na que me dirán cun ton neutro, afeito a este tipo de cousas e dunha maneira esquemática que parecerá un guión pautado nun post it: *a súa nai faleceu. Tal como deixou decidido, o enterro será mañá. Reciba o noso máis sentido pésame.*

Pero non quere dicir nada, mañá ou pasado ou o outro. Todo entra dentro das previsións. O caso é que ela está a piques de marchar e eu non sei que é o que sinto.

Practicamente non a coñezo pero levo case toda a vida a prepararme mentalmente para este momento. Decidir se debo aguantar as bágoas ou facelas saír sen censura. Non sei que poderá pasar, se acudirán de maneira natural ou terei que finxilas ou, se pola contra, gozarei por fin dun momento de paz infinito, de compensación, de conciliación natural, de poder relaxar uns músculos que xa naceron en tensión e que só cando os afrouxas podes percibir o forzados e doridos que vivían. Estou entalada desde que teño memoria de min.

Non coñezo a mamá. Ou ben, si a coñezo; sei o seu nome, apelidos, o seu número de teléfono, a cor auténtica do seu cabelo e a biografía que aparece na contracapa dos seus libros. Coñezo o seu currículo, o diferentes que ten as unllas duns dedos e doutros, a marca de tabaco que fuma, o ton amarelo das súas xemas, que a delatan e fan que se sinta culpabilizada, pero non culpable. O mundo é outro, diría, sempre feita a escudarse, cando comecei a fumar o mundo esixíache facelo, agora esíxeche deixalo e, mentres, cóbrache por unha cousa e pola outra. Sei que falaría así. Iso seino. Dona Eunón, dona Escúsemepero.

O que non coñezo é a súa calidade materna. Como uliría o seu pescozo nos meus desgustos ou como celebraría a chegada da miña menstruación. Non sei que cara se lle poría ao verme fumada ou bébeda por primeira vez. Non sei do seu ton ao berrarme por atoparme fumada ou bébeda volvendo polo medio dunha madrugada. Coñezo mellor o ton da súa voz polo teléfono ou, se cadra, polos vídeos que podo ver dela na rede. Coñezo o seu interior tan ben como o mellor crítico literario, como a súa mellor lectora. Son a súa mellor lectora.

Nos seus libros tropezo cos cotos dos seus traumas e, se escaravello, leo aí mil veces o meu nome.

Nin sequera sei se foi ela quen escolleu este nome tan simple e tan presente en todas partes ou se foi papá. Supoño que foi ela, que o deixou caer e a papá, que desexaba tanto a carne, o sangue, o porvir, deulle igual este nome ou outro.

Papá non vai morrer. Papá vai quedar comigo como sempre, pegados de mans e de fazulas e de bicos e de incomprensións, siameses nos nosos traumas e cun bono dous por un de desconto –o pack familiar postraumático– na psicóloga.

Sei como vai reaccionar papá á noticia. Suspirará, sacudirá a cabeza para borrar iso que acaba de escoitar da miña boca ou da de calquera, se eu non son quen de dicirlo, e seguirá a facer o que estea a facer, oíndo un dos seus vellos discos, ou tocando a guitarra ou discutindo con alguén por correo electrónico. No seu mundo. Coma sempre. Nese mundo onde me fixo a min un agocho pero que non deixou de ser un satélite pequeniño e moi pegado, pero satélite ao cabo.

A voz dirame tamén que podo ir retirar os efectos persoais dela. Unha caixa con medicinas que no caso de non querela poderei doar ou deixar nun punto de reciclaxe, a súa roupa interior, que imaxino dobrada até a histeria e ordenada por gama cromática. Os libros, os poucos que podería ter nun espazo tan pequeno e, supostamente, unhas chaves que me remitirán a un reino máis grande onde todo o seu

estará agardando que ela regrese para comezar a morrer un pouco máis.

Imaxino que abro a porta dese lugar que aínda non coñezo, un piso pequeno, imaxino tamén, inzado de libros, apuntamentos, recortes e galardóns da súa propia fama. Supoño que atoparei un sobre co meu nome ou, se cadra, unha caixa. E dentro do sobre ou da caixa, un diario, unha coidadosa libreta onde se resumirán capítulos soltos da súa vida, eses que me faltan.

Ou se cadra non hai nada.

Unha vez papá castigoume. Coido que esa foi a única vez que o fixo. Nin eu valía para o mal nin el para instruírme empregando a reprimenda ou a crueldade, pero desta vez deuse. Eu insultara, pegara e cuspira sobre a face dunha daquelas compañeiras uniformadas do colexio que se burlou das ausencias. *Teu pai é un señor mamá.* A frase é un insulto que atravesa o aire como un dardo e vai cravarase na miña fazula, as miñas garras feras na súa gorxa, tres días máis tarde aínda estaban os meus dedos alí. A chamada de teléfono: *a súa filla...* A sombra de papá, non moi alto, non moi largo, non moi forte, todo nel era moderado.

Non souben nunca se lle chegaran parafrasear o insulto pero sempre pensei que a súa furia do momento veu máis de sentirse ferido pola frase que pola miña ansia vingativa. El vingouse en min. Prohibiúme ver a televisión unha semana completa. Sabía que o dano real abriría unha chaga fonda no meu orgullo e estaría esluído no medio da programación, xa que así perdería o fío da miña serie favorita naquel momento, un serial terriblemente aditivo cheo de amores dos que nunca acontecen, dos que nunca quixera-

mos para nós mesmas pero que se desfrutan nos corpos das demais.

Pasou a semana completa e aló polo mércores eu superara xa a síndrome de abstinencia, estaba limpa e serena. Secasí, chegado o domingo, papá veu canda min preguntarme se volvería ter aquela conduta violenta. Sabes que non. Se non é mesmo imprescindible (isto non o dixen, pronuncieino para o escuro de min cos dedos cruzados ás costas, como cando se xura en falso). E papá sacou das súas costas unha fita de vídeo. Na súa letra descoidada de escolar que suspende catro e queda o verán á sombra resolvendo caderniños, viñan os días da semana anterior e, ao lado, un número.

Gravara cada día o capítulo correspondente, consignándoo como faría un vixilante xurado coas súas fitas de circuíto pechado. Obsesivamente, algo que non faría nin para el mesmo.

O amor, para min, consiste nesas cousas que acontecen en paralelo. Mentres eu camiñaba pola vía do castigo, o meu pai redimíame no salón co mando atento a non gravar os anuncios.

Mentres eu a odio, probablemente a miña nai escribía cartas que nunca me enviaría, porque sei que hai dor nos lugares onde hai pulso. Alí onde moitas botan o seu perfume.